

## **AER solicita ao alcalde de Redondela que convoque con carácter de urxencia a Comisión de Seguimento das Obras da AP-9**

AER vén de solicitar por rexistro ao alcalde de Redondela, que tamén é o presidente da Comisión de Seguimento das Obras da AP-9, que no prazo de dez días hábiles convoque de forma urxente esta comisión. Solicitando a comparecencia da Subdelegada do Goberno, do Xefe da Demarcación de Estradas de Galicia e tamén de responsables da empresa AUDASA; para tratar a gravidade da situación que están padecendo as parroquias de Chapela e Trasmañó.

Houbo unha xunta de voceiros no Concello o día 8 de outubro, para falar sobre os problemas das addendas da AP-9. Nesta xuntanza, á que só asistiu AER, o alcalde espuxo que a subdelegada do goberno en Pontevedra non responde ás solicitudes da alcaldía nas que lle solicita unha reunión entre ambas partes. O representante de AER fixo fincapé nesta xunta de voceiros, en que a Comisión de Seguimento das Obras da AP-9 creada polo Concello, na que participan grupos políticos e sociais, depende única e exclusivamente desta entidade local . A comisión ben usada é unha ferramenta moi útil para que os organismos competentes teñan unha esixencia oficial. Polo que dende AER consideramos que unha convocatoria de urxencia por parte do alcalde podería forzar á Subdelegación do Goberno a dar un paso, e contestar a esta esixencia de carácter oficial que lle fai o Concello de Redondela.

Redondela, 17 de outubro de 2018